

### INTRODUCCIÓN

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada na etapa de Educación Infantil (EI), en concreto, no segundo ciclo, que ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como a educación en valores cívicos para a convivencia, tal e como recolle o *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia*. Cómpre salientar que, neste centro, o curso de 5º de EI constitúe unha aula mixta xunto con 4º de EI, polo que a PD atenderá nas mellores condicións esta casuística. A maioría das nenas e nenos son galegofalantes, de modo que seguindo a *Instrución para aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, a **lingua vehicular** que como titora emprego na aula é o **galego**, ao igual que o resto do profesorado especialista do grupo.

Ao longo deste curso abordamos **tres proxectos de traballo** (“As cegoñas”, “O corpo humano” e “A prehistoria”), un por cada trimestre, onde traballamos de maneira **globalizada** as áreas de comunicación e representación da realidade, crecemento en harmonía e descubrimento e exploración da contorna. Todo isto a partir de **experiencias significativas e actividades motivadoras e gamificadas**.

### CONTIDOS

#### PRIMEIRO TRIMESTRE

- » As cegoñas (características, hábitat, alimentación, comunicación, reprodución, esperanza de vida).
- » O outono.
- » O Samaín.
- » O Magosto.
- » O Nadal.
- » Nocións temporais (o calendario, as rutinas).
- » Nocións espaciais básicas e habilidades de pensamento computacional.
- » Os números: 0-20.
- » O conteo e a suma.
- » Formas xeométricas (cadrado, rectángulo, triángulo, círculo, rombo, pentágono, hexágono).
- » O nome propio. Conciencia fonolóxica. As vogais e consoantes en maiúscula.
- » Valores cívicos e democráticos (respecto, axuda, bondade, responsabilidade, gratitude, empatía, igualdade).

#### SEGUNDO TRIMESTRE

- » O corpo humano (esquema corporal, ósos, órganos vitais, órganos sensoriais, sistemas, medición corporal).
- » O inverno.
- » O Entroido.
- » O universo.
- » Nocións temporais (o calendario, as rutinas, as horas).
- » Nocións espaciais básicas e habilidades de pensamento computacional.
- » Os números: 0-20.
- » Os números ordinais.
- » O conteo, a suma e a resta.
- » Símbolos: maior que, menor que, igual, sumar, restar.
- » Formas xeométricas (cadrado, rectángulo, triángulo, círculo, rombo, pentágono, hexágono).
- » O nome propio e os apelidos. Conciencia fonolóxica. As sílabas e as vogais minúsculas.
- » Valores cívicos e democráticos (respecto, axuda, bondade, responsabilidade, gratitude, empatía, igualdade).

### TERCEIRO TRIMESTRE

- » A prehistoria (evolución humana, alimentación, vestimenta, vivenda, ferramentas, arte rupestre, descubrimentos).
- » A primavera.
- » As plantas e os insectos.
- » Os animais (grupos, reprodución, mecanismos de defensa).
- » Nocións temporais (o calendario, as rutinas, as horas).
- » Nocións espaciais básicas e habilidades de pensamento computacional.
- » As series lóxicas.
- » Os números: 0-30.
- » Os números ordinais.
- » O conteo, a suma e a resta.
- » Símbolos: maior que, menor que, igual, sumar, restar.
- » Formas xeométricas (cadrado, rectángulo, triángulo, círculo, rombo, pentágono, hexágono, octógono).
- » O nome propio e os apelidos. Conciencia fonolóxica. As sílabas. As vogais e consoantes en minúsculas.
- » Valores cívicos e democráticos (respecto, axuda, bondade, responsabilidade, gratitude, empatía, igualdade).

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Presentación dos novos contidos en relación cos coñecementos xa adquiridos para posibilitar a memorización comprensiva e xerar aprendizaxes significativas.
- Adecuación da linguaxe oral ao nivel de comprensión.
- Creación dun **ambiente de seguridade e confianza**.
- Emprego do **xogo**, do **movemento**, das **cancións** e das **actividades manipulativas e sensoriais**.
- Deseño de actividades con distintas posibilidades de execución e graos de dificultade.
- Atención á diversidade a partir do **respecto aos ritmos de aprendizaxe**, a adecuación do espazo ás necesidades e a proposta de actividades de reforzo e ampliación.
- Proporcionar **responsabilidades** concretas dentro e fóra da aula para favorecer a **autonomía e a autoestima**.
- **Eloxios e recompensas motivacionais** constantes con axuda da aplicación *ClassDojo* para gamificar a aprendizaxe.
- Avaliación dos procesos e dos logros.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

**QUE AVALIAR:** os progresos e dificultades do alumnado, as aprendizaxes adquiridas de maneira individualizada, a interacción do grupo, a relación entre nenas-nenos-profesorado e o grado de iniciación no desenvolvemento das competencias clave.

**COMO AVALIAR:** uso da técnica da observación directa e sistemática (*Orde do 30 de maio de 2023 pola que se regula a avaliación en EI*), análise da información facilitada polas familias e polo profesorado especialista e valoración das producións das nenas e nenos. Ademais, o alumnado participa na súa propia avaliación “*xogando a pensar*”.

**CANDO AVALIAR:** **inicio do curso** (recadar información relevante do alumnado e axustar a intervención educativa o máximo posible), **continuamente** (observación do grao de comprensión das actividades; o interese e o esforzo dedicado e as insignias positivas e negativas da aplicación *ClassDojo*) e **ao final de cada trimestre** (comprobar todo o aprendido a partir de xogos e actividades como: resolución de enquisas coa plataforma *Kaboot*, elaboración de “*mapas para lembrar*”, deseño de murais, creación de *nubes temáticas* con *WordArt*).